

A PIE DE CALLE

«Prisciliano é un símbolo de resistencia cultural e identitaria de Galicia»

victorino perez prieto Teólogo e escritor

C. P. | SANTIAGO/LA VOZ. | 11/5/2010

O teólogo e escritor Victorino Pérez Prieto fala esta tarde na asociación cultural O Galo do seu último libro, Prisciliano na cultura galega. Un símbolo necesario.

-¿Por que é necesario?

-En primeiro lugar porque existe, porque é unha realidade histórica incuestionable e porque o valor como símbolo está nos alicerces da cultura de Galicia. Nos séculos V e VI mobilizou as enerxías culturais de Galicia, e rexurdiu no XIX cos precursores.

-¿Que presenza ten hoxe na cultura galega?

-Está vivo, sobre todo nos últimos cen anos, e a traveso de figuras como Otero Pedrayo, Risco e Castelao, que o situou entre os inmortalis galegos.

-Popularmente non se sabe moito máis de que o mataron por herexe.

-Si, e que o consideraron herexe porque predicaba un cristianismo máis achegado á cultura do pobo. Estou convencido de que o tema xacobeo substituíu ao priscilianista, e que o Camiño de Santiago foi o de Prisciliano, pero non interesaba. É a eterna historia do pobo galego, que cando se levanta córtanlle a cabeza, e aí está a realidade da lingua galega, que existía antes que o castelán, e o Reino de Galicia. Descoñecer a nosa historia é non coñecernos a nós mesmos.

-¿Reivindica a Prisciliano como símbolo de resistencia?

-Si. Reivindicar unha figura como a súa significa reivindicar a realidade dun pobo, é un símbolo de resistencia cultural e identitaria.



Victorino Pérez presentará o libro sobre Prisciliano a primeiros de xuño

| EDUARDO